



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



LUÍS PARADELO

**Xelamonite**

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 156 páxinas

P. V. P. 12 € IVE incluído

978-84-8288-930-6



9 788482 889306

## RAZÓNS PARA EXISTIR

Primeira obra do seu autor, **Xelamonite** é unha descuberta para a narrativa galega. A obra de Luís Paradelo introduce o lector nunha realidade espida, narrada desde o interior, chea de matices. O protagonista da novela reconstrúese polas rúas das cidades cun deambular que abrangue as vivencias do pasado e do presente para conformar a realidade, mesturando tempos e sensacións. Unha proposta narrativa anovadora, que racha moldes e achégase aos límites da expresión para buscar na propia escritura unha das razóns para existir.

Implicado en asuntos ambivalentes, como certas amizades ou a súa relación coa actividade política armada na Galiza, o protagonista de **Xelamonite** impónse desde a primeira liña da novela ata o remate. Unha conciencia en permanente **estado de alerta**, en permanente inqueda, que busca, deambula, transita, ensarillada polas faldras do tempo, do amor e o desamor. Luís Paradelo pon a súa novela nas mans dun narrador que se busca entre un milleiro de sensacións, emocións, lembranzas e vivencias; esa voz que se atopa para decontado volverse a perder confirma que a realidade última pertence á palabra, á palpación de quen a pronuncia.

Novela itinerante, os espazos superpóñense, únense e sepáranse, son moitos pero tamén forman un único ámbito. Ourense e os Estados Unidos, a rúa e o monte, a política e o amor, **a vida auténtica** ilumina ese colectivo interpersonal que todo ser, dotado de linguaxe, leva dentro. Con **Xelamonite** o autor instálase no oído do lector para descubrir a perplexidade dun personaxe ante un mundo que se lle ispe, devorándolle todo o sentido.

**LUÍS PARADELO** (Ponferrada, 1956), malia o seu lugar de nacemento, considérase de Ourense, cidade á que leva vencellado toda a súa vida. A plástica, o deseño, a música e a escritura constitúen os eixos da súa biografía. Unida a esta inqueda artística, amosa unha constante preocupación pola identidade galega, o que o levou a implicarse en diferentes proxectos políticos. Ademais, desenvolveu os máis variados oficios, traballos e estudos en Ourense, EUA, Barcelona e Madrid. Na actualidade dedícase ao estudo da filosofía e a escribir.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es